

Nome: Data: Curso:

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

Se hai varias opcións, marca cunha cruz só unha resposta, a que che pareza máis adecuada.

Xoguetes con moita vida


RECOLLIDA DE XOGUETES

Do 15 de novembro ao 15 de decembro
na Praza Maior

Dálles outra vida aos teus xoguetes.
Se ti non xogas, outros poden facelo.

Xoguetes que axudan:

- Novos ou en bo estado
- Limpos e que funcionen
- Con todas as pezas
- Non bélicos, non sexistas



1 Que tipo de texto cres que é o anterior?

- Un tríptico para aconsellarnos como tratar e coidar os xoguetes.
- A páxina dun libro.
- Un folleto de propaganda dunha empresa de xoguetes.
- Un folleto informativo sobre unha campaña de recollida de xoguetes.

2 Cal é o lema desta campaña?

.....

3 Onde se recollen os xoguetes?

- Nun colector de reciclaxe.
- Na rúa.
- Nunha tenda de xoguetes.
- Nun supermercado.

Nome: Data: Curso:

4 Que catro condicións deben cumprir os xoguetes entregados?

.....

.....

.....

.....

5 Le as seguintes frases e di se se trata de informacións ou propostas.

- a) Dálles outra vida aos teus xoguetes. ▶
- b) Desde o 15 de novembro. ▶
- c) Novos ou en bo estado. ▶
- d) Na Praza Maior. ▶

6 Que cres que significa a expresión *Xoguetes con moita vida*?

- Que poden reciclarse para fabricar outros obxectos.
- Que volverán vivir en mans doutros nenos.
- Que se os conservas ben, durarán máis.
- Que os xoguetes de boa calidade son moi duradeiros.

7 Subliña a acepción do verbo *recoller* que está presente no folleto.

recoller [v.] **1** Coller [algo que está caído]. **2** Volver coller ou xuntar [cousas que están espalladas ou expostas]. **3** Envolver ou enrolar [algo que estaba estendido]. **4** Facer a colleita. **5** Proporcionar a [unha persoa] un lugar onde albergarse.

8 Inventa outro lema para promover esta campaña.

.....

9 Escribe un texto breve no que expliques a un amigo por que cres que debe colaborar nesta campaña.

.....

.....

.....

.....

.....

Nome: Data: Curso:

Le atentamente o texto e responde as seguintes preguntas.

Se hai varias opcións, marca cunha cruz só unha resposta, a que che pareza máis adecuada.



Fonte: Librería Libros para soñar

1 Que tipo de texto é o anterior?

- A cuberta dun libro sobre lingua de signos.
- O cartel dunha película de aventuras.
- O convite para unha sesión de contacontos.
- Publicidade da librería Libros para soñar.

2 Sobre que actividade cres que pretende informar o texto?

- Sobre a presentación dun libro de música.
- Sobre a celebración dunha sesión de contacontos en inglés.
- Sobre unha sesión de contacontos de literatura infantil e xuvenil.
- Sobre unha sesión de contacontos en lingua de signos.

3 Completa a seguinte táboa con información extraída do texto.

Data e hora
Lugar
Enderezo e teléfono
Correo electrónico

Nome: Data: Curso:

4 A librería onde se vai celebrar a sesión de contacontos está especializada en:

- Literatura infantil e xuvenil.
- Literatura infantil e libros para soñar.
- Literatura infantil e xuvenil en lingua de signos.
- Sesións de contacontos de literatura infantil e xuvenil.

5 O texto fala dunha sesión de contacontos. Que é unha sesión? Marca a resposta correcta:

- Un acto programado que dura un espazo de tempo.
- Unha actividade que se celebra en días consecutivos.
- Un espazo de tempo de lecer.
- Unha actividade dividida en dúas ou máis partes.

6 Une os datos das dúas columnas a partir da información do texto.

- | | |
|------------|------------------------------|
| Emisor • | • lingua de signos en galego |
| Receptor • | • contos |
| Mensaxe • | • Eva Graña e Frank Eijo |
| Código • | • público |

7 Enumera catro actividades da vida cotiá que unha persoa con deficiencia auditiva non pode facer, como por exemplo escoitar música nun MP4.

.....

.....

.....

.....

8 Cres que é importante a comunicación entre todas as persoas para convivir? Razona a túa resposta.

.....

.....

.....

.....

.....

.....